

PLAN DE CONVIVENCIA

Segundo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

ÍNDICE

- 1- Introducción
- 2- Análise da situación. Diagnóstico previo da convivencia do centro.
- 3- Obxectivos do Plan de convivencia.
- 4- Actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia.
- 5- Normas de convivencia do centro.
- 6- Condutas contrarias á convivencia e correccións.
- 7- Normas de funcionamento da Comisión de convivencia do centro.
- 8- Normas de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
- 9- Normas de funcionamento da Escola de Pais e Nais.
- 10- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- 11- Estratexias para a difusión do Plan de convivencia.
- 12- Seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia.

1- Introducción

O Decreto 8/2015 dedica a sección 1ª do capítulo II, do título II ao plan de convivencia, indicando que é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

Inspiramos este documento no Proxecto educativo do centro e intentamos que funcione de maneira integrada cos outros documentos Normas de organización e funcionamento, Concreción curricular, Plan xeral de atención á diversidade, Plan de acción tutorial e no seu caso, Programación xeral anual. Elaborámolo en cumprimento da nova normativa pero tamén coa certeza da súa necesidade, xa que ao ser un centro novo, necesitamos dun modelo de funcionamento claro, estruturado e coñecido e compartido por toda a comunidade educativa.

Os centros escolares supoñen o contorno no que se desenvolve a aprendizaxe, o crecemento persoal e a socialización do alumnado. É lugar onde poden xurdir os conflitos entre eles e entre eles e o resto da comunidade educativa. Debemos pensar, non obstante, que o conflito en si, non ten nada de negativo. Xorden de modo natural sempre que existe a convivencia, sempre que os nosos intereses ou opinións non coinciden cos doutro. Convivir significa, entre outras cousas, aprender a solucionar de forma pacífica e consensuada estes conflitos.

O Plan de Convivencia é un instrumento que establece unha serie de estratexias de prevención e de ferramentas de actuación diante dos conflitos e que debe permitir a todos os integrantes da

comunidade educativa resolvelos, aprender deles e reforzar o papel do centro como lugar de desenvolvemento e maduración persoais.

O fin último do Plan de Convivencia é desenvolver comportamentos axeitados para convivir mellor a través do diálogo, o respecto (entre todos e a unhas normas de convivencia) e a comunicación para resolver calquera conflito.

Debemos considerar a convivencia como un dos principais obxectivos da educación. A resolución dos conflitos por medio do diálogo, do consenso, da negociación e, se é o caso, da asunción das responsabilidades que se deriven de determinados comportamentos, colaborará de forma eficiente á maduración persoal.

O presente Plan de Convivencia do CEIP do Camiño Inglés baséase na normativa reguladora que segue:

- Constitución española.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

2- Análise da situación. Diagnóstico previo da convivencia do centro

A situación de partida é a posta en funcionamento dun centro novo e que polo tanto, necesitamos dunhas normas de funcionamento de acordo á lexislación vixente, pero tamén, que plasmen aquilo que nós queremos ser como centro, tendo en consideración o persoal, o alumnado e as familias que formamos parte del.

Neste proceso de saber que somos e que queremos no ámbito da convivencia podemos prestar especial atención ao cuestionario elaborado no primeiro trimestre do curso 2015/2016. No mesmo participou o alumnado de 5º e 6º de primaria (82%), o profesorado (62%), as familias (32%) e o PAS (100%). Un resumo pode ser o que se presenta a continuación, non obstante, pódese consultar na súa totalidade na web do centro. De todos xeitos, o mesmo proceso de elaboración e aprobación supón poñer ás claras cales son as nosas ideas e obxectivos con respecto a este tema.

Con respecto ao que pensa o alumnado do centro:

- Consideran ter amigos sen dificultade tanto dentro como fóra da clase.
- Pensan que coidan ben do centro, e que o maior problema é o lixo que se tira ao chan.
- O conflitos amáñanse na maioría dos casos co profesor/a.
- Teñen moi bo concepto do seu comportamento na clase e non consideran habituais condutas negativas.
- Sitúan os principais problemas no recreo.
- Un 3% considera ter sufrido algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto por parte de alguén da súa clase pero ninguén sinte ter sido acosador/a.
- Senten participar na toma de decisións podendo falar directamente co profesorado.

Con respecto ao que pensa o profesorado do centro:

- Pensan que non hai problemas de convivencia no centro ou que os hai de maneira puntual.
- Opinan que a súa formación nesta materia é boa.
- Maioritariamente se pensa que a maior influencia sobre a convivencia é traballar a prevención e o traballo nas titorías.
- Pénsase que as instalacións do centro están coidadas.
- Entenden que entre as actuacións que poden favorecer a convivencia as máis salientables son a orde nas entradas e saídas, a participación do Departamento de orientación e un Protocolo de absentismo.
- Pensan que a mellor estratexia para a resolución de conflitos é o diálogo.
- Entenden que as familias se interesan polos estudos dos seus fillos e que con eles se pode chegar á acordos.
- Hai diversidade de opinións entre a consideración das causas das condutas do alumnado.

Con respecto ás opinións das familias:

- Gustaríalles que os seus fillos/as remataran unha carreira universitaria.
- Pensan que no centro non hai problemas de convivencia ou que os hai de maneira puntual.
- Pensan que se coidan os materiais e instalacións do centro.
- Entenden que participan na vida no centro e no proceso educativo do seu fillo.

- Un 5% pensa que o seu fillo/a foi vítima dunha agresión, fundamentalmente ameazas e insultos.
- Acostuman a apoiar as decisións que toma o titor/a sobre o comportamento do seu fillo/a.
- Están informados/as dos eventos especiais que realiza o centro.
- Un 84,6% manifestan estar satisfeitos/as co centro.

As opinións do PAS non se amosan para respectar o anonimato.

3- Obxectivos do Plan de convivencia

- a) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos para a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa para acadar un bo ambiente educativo.
- c) Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a unha convivencia de calidade.

4- Actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia.

a) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

- Os agrupamentos por aula faranse tendo en consideración o establecido no Proxecto Educativo.
- Favorecerase a organización dos espazos do centro de tal xeito que todo o alumnado poda ter acceso a uns espazos de lecer de calidade.
- Actuarase de maneira coordinada entre o profesado co fin de que as normas sexan respectadas por todos/as.
- As actividades complementarias serán abertas á comunidade educativa e na medida das posibilidades, conxuntas co resto do alumnado do centro. Tamén se favorecerá a realización de actividades comúns cos outros centros educativos do concello.
- O Departamento de orientación elaborará un programa de competencias e habilidades sociais como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.

- Posibilidade de creación da Aula de convivencia inclusiva se a situación de convivencia empeora no centro.
- Posibilidade de establecemento dun programa de mediación escolar se a convivencia empeora no centro.

b) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

- Estableceranse canles para a transmisión de información sobre a vida do centro: páxina web, blogs de aula, AbalarMóbil, pantalla da entrada, notificacións escritas, axenda escolar,...
- Favorecerase o uso de instalacións do centro por parte da ANPA e do resto de entidades culturais e deportivas do contorno.
- Creación da Escola de familias e darlle especial relevancia aos temas de convivencia.

c) Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

- Difusión das normas de funcionamento a través da axenda escolar, das reunións de inicio de curso, dos períodos de adaptación e acollida de novo alumnado e profesorado.
- Establecemento e visualización das normas de cada un dos espazos específicos: corredores, biblioteca, aula de informática, radio, xadrez, ximnasio,...

d) Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.

Segundo o documento adxunto.

5- Normas de convivencia do centro

Son esixibles en todo momento e situación as seguintes normas básicas de convivencia:

1. Respecto a todas as persoas da comunidade educativa, á súa dignidade e integridade física e moral, aos seus dereitos e ás súas pertenzas, rexeitando o uso da violencia en calquera das súas formas.
2. Respecto ao traballo dos compañeiros e persoas que integran a comunidade educativa, ás actividades do centro, á súa organización e aos seus responsables sen perturbar o normal desenvolvemento da vida escolar e achegando os libros e o material escolar que sexa preciso
3. Respecto ás instalacións e materiais do centro e ás súas normas de uso.
4. Respecto ás normas de hixiene e limpeza.
5. Asistencia ás clases e actividades obrigatorias.
6. Respecto aos documentos do centro e ás comunicacións entre este e as familias. Os alumnos entregarán (tendo en conta a súa idade) xustificantes das faltas de asistencia, devolución dos boletíns de avaliación, axendas, sinatura de autorizacións varias ...
7. Non está permitido ao alumnado o uso de móbiles ou dispositivos electrónicos durante a xornada escolar. En consecuencia, tampouco se permite gravar en calquera soporte a

ningunha persoa da comunidade educativa nin difundir a súa imaxe en ningún medio en cumprimento das normas establecidas neste Regulamento.

8. Transcorrer por corredores e escaleiras con orde e compostura.
9. Non está permitida a permanencia ou o acceso do alumnado ás aulas no tempo de recreo agás autorización expresa dun profesor/a.

6- Condutas contrarias á convivencia e correccións

6.1.- CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

1. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificados e as actuacións prexudiciais que non alcancen importante gravidade.
2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro, perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
3. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
4. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

6.2.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.

8. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
12. incumprimento das sancións impostas.

Principios xerais das medidas correctoras.

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

1. As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
2. Amoestación privada ou por escrito.
3. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
4. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
5. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
6. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
7. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
8. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

9. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
2. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
3. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
4. Cambio de grupo.
5. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
6. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
7. Cambio de centro.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a. O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- b. A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos
- c. A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor.
- d. A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor.

A imposición destas medidas correctoras comunicarse á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas.

1. As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este apartado poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.


Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da lei 4/2011.
6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da lei 4/2011.
7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.
8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Procedemento corrector de condutas aparentemente contrarias ás normas de convivencia



7- Normas de funcionamento da Comisión de convivencia do centro

A Comisión de convivencia é un órgano de carácter consultivo, créase no seo do Consello Escolar e desempeñará as súas funcións por delegación deste para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

- Composición

Os membros serán elixidos polo Consello Escolar e integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Serán nomeados pola persoa responsable da dirección, por proposta dos colectivos representados e non teñen que ser os mesmos.

No noso centro estará composta pola dirección do centro que será o presidente/a, o xefe/a de estudos, o orientador/a, un representante do profesorado, outro das familias e outro do persoal.

- Reunións

A comisión reunirse tres veces ao ano de maneira ordinaria, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

- Funcións

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

8- Normas de funcionamento da aula de convivencia inclusiva

Haberá que elaboralas se se decide poñela en funcionamento.

9- Normas de funcionamento da Escola de Pais e Nais

A Escola de nais e pais terá unha reunión mensual ou bimensual.

A asistencia será libre.

Intentarase que sexan temáticas de interese para as familias, especialmente relacionadas con temas de convivencia, aínda que a creación da Escola é considerada unha medida en se mesma de mellora da convivencia.

Preténdese que a actividade sexa compatible coa asistencia ao centro cos propios nenos/as.

Esta actividade deseñarase en coordinación coa ANPA do centro e co Concello.

10- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno

O centro considera que unha colaboración fluída e activa coa ANPA, cos outros centros do contorno, e con outras entidades próximas, especialmente o Concello de Oroso, constitúe un sinal de identidade e unha pretensión cara o futuro.

11- Estratexias para a difusión do Plan de convivencia

Aparte das xa sinaladas anteriormente, unha vez aprobado por primeira vez, farase unha comunicación específica as familias sinalando o fundamental do seu contido. Incorporarase á web do centro para a súa consulta por toda a comunidade.

12- Seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia.

A Comisión de convivencia elaborará ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria, de acordo cos datos e coas conclusións e propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro que deberá ser avaliada polo Consello Escolar.

Ao finalizar cada curso a Comisión extraerá os datos que considere oportunos para a súa elaboración polos medios que estime convenientes.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
 15781 Santiago de Compostela
 www.edu.xunta.es

